

COÑECE A VELA COMO DEPORTE

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

Dirixida a rapaces e rapazas dentro do ámbito do programa Xogade.

Esta actividade busca dar continuidade ás actividades de promoción ou captación e pretende achegar o deporte da Vela a todos os escolares durante a presente campaña.

2. ÁMBITO XEOGRÁFICO

Outes-Portosín.

3. TEMPORALIZACIÓN

A actividade desenrolarase un día por semana (excluíndo os fins de semana) en horario de 15.30 a 18.00 durante os meses de outubro a xuño.

4. OBXECTIVOS E CONTIDOS DA ACTIVIDADE

Interaccionar co deslizamento a vela, coa intención de afondar no coñecemento deportivo e físico do medio natural mariño, a relación co vento e o mar, o seu aproveitamento lúdico, paisaxístico e social.

Proporcionar as primeiras actividades náuticas dos rapaces e rapazas dos concellos próximos á ría de Muros-Noia. Pretendemos orientar as saídas ao mar aos contidos curriculares dende a navegación a vela e a motor.

Coñecer a Navegación.

Coñecer o Deporte da Vela.

5. ESTRUCTURACIÓN DA ACTIVIDADE

Localización:

Porto de Portosín ou porto do Freixo en función da proximidade do centro escolar.

Ría de Muros: moi axeitada pola proximidade de zoas de abrigo, e a ausencia de perigos na zoa de navegación.

Programa:

-15:30 horas: Chegada ao centro náutico. Recepción de todos os participantes, charla de benvinda e explicación detallada da actividade e das rutinas.

Entrega de chalecos e asignación de material náutico, e preparación para a actividade.

16:00 horas. Montaxe do barco escola e saída á zoa de navegación. Realización de maniobras e percorridos acordados según as condicións e dirección do vento. Durante o transcurso do percorrido irase promovendo a participación de todos os membros da tripulación nas distintas tarefas da bordo (leme, cazado ou lascado da maior, cazado ou lascado do foque, equilibrio do barco, etc), ademais de aumentar o coñecemento sobre o medio mariño (flora, fauna, oficios, espazos xeográficos)-

-17:30 horas: Volta á zoa de embarcadiro.

-17:50 horas: Charla de despedida, rolda de preguntas e suxestións.

-18:00 horas: Finalización da actividade.

6. INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN

Custo:

Contactar cos organizadores.

Organizadores:

Centro náutico municipal de Outes - Concello de Outes
Real Club Náutico Portosín - Concello de Porto do Son

Contactos:

Contacto.- Álex Pombo

Correo electrónico centronautico@ouotes.es , teléfono de contacto 616 324 098.

Contacto.- Sergio del Río

Correo electrónico escuelavela@cnportosin.com , teléfono 981 766 583

7. COBERTURAS

A Secretaría Xeral para o Deporte colabora neste proxecto facilitando a todos os participantes un seguro de accidentes gratuito, tanto para os deportistas como para os monitores que os acompañan na actividade.

8. PRAZAS

20 prazas por grupo.